



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á VALORACIÓN DOS MÉRITOS NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA A COBERTURA PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE LIMPADOR/A DO CENTRO MÉDICO INCLUÍDA NA MODIFICACIÓN 1 DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

EXPT. 13/2024-SPL-EST, 2024/E001/000012.

Faise público que, o Tribunal nomeado para cualificar as probas do procedemento de selección indicado, na sesión realizada o 22 de xaneiro de 2025 adoptou os seguintes **ACORDOS**:

“ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DONA CELIA MARÍA LOSADA RODRÍGUEZ (NRE 0001 DE 2 DE XANEIRO DE 2025)

Primeiro. DESESTIMAR a petición de dona Celia María Losada Rodríguez tendo en conta que, tras revisar a documentación aportada xunto coa instancia de participación, non se teñen aportado contratos de traballo, quedando confirmado que non existiu erro por parte do Tribunal na valoración.

Estes servizos non puideron ser valorados por parte do Tribunal posto que, tal e como indica a interesada, non puideron ser acreditadas as funcións desempeñadas unicamente co informe de vida laboral aportado.

Neste sentido, o certo é que nos procedementos de selección dunha Administración Pública, como é o caso, existen certos requisitos que non se poden pasar por alto. E unha delas son as Bases que rexen o proceso selectivo, que son plenamente vinculantes para as partes concurrentes: tanto para a Administración convocante como para as persoas aspirantes, estas son consideradas polo Tribunal Supremo a “Ley da oposición ou concurso”.

Polo tanto, e remitíndonos ás mesmas, na Base 4.3, relativa á presentación de instancias e documentación establécese o seguinte:

“(…) Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación. na orde que se indica:

e) Relación, (...) dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mesma base”.

Neste sentido, a Base 8.6 indica:

“8.6. Os méritos alegados no apartado da experiencia profesional deberán ser acreditados mediante a seguinte documentación:

i. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

ii. Contrato de traballo ou, no suposto de persoal funcionario, acordo de nomeamento e acta de toma de posesión.

iii. Certificación expedida pola ou polo responsable da entidade na que prestara os servizos na que se fagan constar, como mínimo, data de inicio e de finalización dos servizos, nome do posto de traballo ocupado, categoría ou escala, subescala e grupo, porcentaxe de xornada de traballo e as principais funcións e/ou tarefas desenvoltas.

(…)”

Tendo en conta que a documentación non foi presentada en prazo, non existe a posibilidade de que por parte deste Tribunal cualificador se proceda a realizar unha nova valoración, posto que vai en contra do establecido nas Bases que rexen o proceso e, polo tanto, da “Ley” que regula este procedemento de selección.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción do correspondente anuncio no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón e no de Anuncios da Casa do Concello.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.galwww.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

RECURSOS: O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, de conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advertíndose que se trata dun acto de trámite e como tal non procede a interposición de recursos contra o mesmo.

Non en tanto, contra as resolucións e os actos de trámite que decidan, directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, de conformidade co artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpor recurso de alzada e o posterior recurso potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade e anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da citada Lei. O prazo para interpor recurso potestativo de reposición será dun mes, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes, desde a súa interposición (artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro)."

(documento asinado dixitalmente)

O presidente do Tribunal